



Gaélico Escolas

Compromiso de adhesión

As Gaélico Escolas nace como un proxecto de formación e divulgación do fútbol gaélico entre os máis xóvenes. Conscientes da importancia que isto ten na continuidade e supervivencia de calqueira modalidade deportiva, o obxectivo principal deste proxecto é fomentar a práctica do fútbol gaélico entre as nenas e nenos que se atopan en idade escolar, promovendo os valores que leva intrínsecos o noso deporte e formando futuros xogadores.

Este documento recolle unha serie de compromisos e beneficios para calqueira entidade que desexe formar parte do programa das Gaélico Escolas. As entidades interesadas non precisarán ningún tipo de afiliación á GAA, AGFG ou outras entidades similares, simplemente a vontade e o desexo de promover o fútbol gaélico entre os máis xóvenes. Con todo, procurarase que cada Escola (ANPA, Centro ou Club) estexa vinculada a un club de referencia co fin de ter un maior apoio loxístico no desenvolvemento da actividade.

As entidades, colectivos e persoas que se adhiran ao presente texto:

COMPROMÉTENSE A

1. Respetar e promover a identidade das Gaélico Escolas, empregando o nome e o logo das Gaélico Escolas en todas as súas actividades formativas de nenas e nenos en idade escolar e así como no seu contido promocional: redes sociais, notas de prensa, etc.
2. Designar a unha persoa responsable dentro da entidade ou colectivo que exercerá de enlace co coordinador das Gaélico Escolas.
3. Empregar o material didáctico específico creado polo comité das Gaélico Escolas para este fin, así como material físico (camisetas, balons etc) específico das Gaélico Escolas, se así se establecece.
4. Ter instructores/as co título Foundation da GAA ou superior. No seu defecto e de modo transitorio, ata a convocatoria dun curso de formación deste tipo de titulacións, procurarase como mínimo que os monitores teñan formación en Actividades Físico-Deportivas. Trátase de garantir o nivel básico de formación suficiente para o desenvolvemento das sesións.
5. Informar ao coordinador das Gaélico Escolas de todas as actividades que se desenvolvan. O obxectivo é levar un seguimento das mesmas co fin de coñecer as necesidades das entidades, colectivos e persoas adheridas e tentar resolvelas; así como a elaboración de informes que permitan optar a subvencións e outro tipo de axudas (que en todo caso repercutirán nas propias actividades das Gaélico Escolas) ou para a súa difusión nas redes sociais e medios de comunicación.

6. Participar nas actividades e eventos organizados polas Gaélico Escolas, xa sexan de carácter lúdico, competitivo ou formativo.
7. Resolver polas canles internas estipuladas e seguindo os protocolos que se establezan, aquelas problemáticas que poidan xurdir entre as diferentes partes que conforman o proxecto das Gaélico Escolas e non ser divulgadas fóra dese ámbito.
8. Manter unha actitude vixiante ante posibles casos de pedastría, abusos físicos ou discriminación, actuando preventivamente e informando ao Comité das Gaélico Escolas en caso de que calquera dúbida que poida xurdir a tal efecto.

PODERÁN BENEFICIARSE DE

1. Seguro de accidentes deportivos da Xunta de Galicia (XOGADE).
2. Asesoramento didáctico na elaboración dos adestramentos (material didáctico e cursos de formación).
3. Material identificativo das Gaélico Escolas (ex: camisetas).
4. Material de xogo (ex: balóns, paus).
5. Axuda económica ás instructoras e instructores.
6. Participación en eventos oficiáis organizados polas Gaélico Escolas.
7. Colaboración e asesoramento na organización de eventos.

[NOME_REPRESENTANTE] con NIF [NIF_REPRESENTANTE], en calidade de [CARGO_REPRESENTANTE] de [NOME_ENTIDADE], expresa a súa conformidade co presente documento e a súa vontade de adherirse ás Gaélico Escolas.

En [LUGAR] a [DD] de [MM] de 20xx

Fdo. [NOME_REPRESENTANTE]